

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

Ao igual que os meses anteriores, dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial queremos brindar unha homenaxe a todas as mulleres, para que o 8M non se quede só no mes de Marzo, se non que esté presente durante todo o ano. Como nos pasados meses, seleccionamos unha muller da provincia para poñer cara a este recoñemento. Neste caso, e con motivo da celebración do **Día da Música**, este 22 de Novembro, a muller seleccionada da provincia foi María del Mar Blanco Moreno, música e profesora de órgano no Conservatorio Profesional de Música de Ourense. O lema seleccionado para este mes foi: **“Rompendo con teclas o teito de cristal”**

María del Mar Blanco Moreno, madrileña de nacemento e galega de adopción, é unha recoñecida pianista, clavecinista e investigadora musical cunha traxectoria marcada pola excelencia e o compromiso coa igualdade. Licenciada en Historia e Ciencias da Música e cun máster en investigación musical, desenvolveu a súa carreira docente en distintos puntos de España, desde Béjar (Salamanca) ata Vigo, onde foi catedrática de clave. Na actualidade, reside en O Pereiro de Aguiar e exerce como profesora de órgano no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, unha institución pública de referencia que loita por achegar a música clásica a toda a sociedade e por visibilizar o talento feminino no ámbito musical.

A súa experiencia vital e profesional está atravesada por episodios que evidencian a persistente desigualdade de xénero no mundo da música. Dende a negativa dun sacerdote a deixala tocar un órgano no santuario de Béjar, ata comentarios condescendentes antes de actuar como solista nun auditorio, María del Mar denuncia con valentía o peso do patriarcado nunha profesión onde as mulleres músicas, historicamente relegadas aos conventos, seguen loitando por ocupar espazos de visibilidade e recoñecemento. A súa voz, firme e lúcida, convida á reflexión sobre o camiño que aínda queda por percorrer para acadar unha igualdade real nos conservatorios, nas catedrais e nos escenarios.

No seu día a día como profesora de órgano no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, María del Mar Blanco traballa con alumnado de diferentes idades e perfís, transmitindo non só coñecementos técnicos e artísticos, senón tamén valores de respecto, igualdade e superación. Para ela, este conservatorio público representa un espazo fundamental de acceso á cultura e á formación musical de calidade, onde se democratiza o ensino e se cultiva o talento sen importar a procedencia ou os recursos do estudante. A súa labor docente é tamén unha forma

de activismo silencioso, contribuíndo a construír un futuro máis xusto e diverso no panorama musical galego e estatal.



Concerto de Poulenc para 2 pianos, Auditorio Abanca de Vigo



Ensaio antes dun concerto. Teatro principal, Ourense



Tocando as Variacións Goldberg en un clavecín de 2 teclados, cámara anecoica da Facultade de Telecomunicacións de Vigo

#igualOU